

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA
CELEBRADA O DÍA 30 DE XULLO DE 2015**

| <u>ASISTENTES</u> | GRUPO POLÍTICO |
|---|-----------------------|
| <u>ALCALDESA:</u> | |
| D ^a Leticia Santos Paz | BNG |
| <u>CONCELLEIROS/AS:</u> | |
| D. Odilo Barreiro Martínez | BNG |
| D ^a Coral Ríos Santomé | BNG |
| D. Abel Pérez Guardado | BNG |
| D ^a Araceli Gestido Rodríguez | BNG |
| D. Aldán Santamarina Corral | BNG |
| D ^a Marta Freire Riobó | PS de G-PSOE |
| D. Salvador Meira Corrales | PS de G-PSOE |
| D. Ezequiel Fernández Cancelas | PS de G-PSOE |
| D. José Fervenza Costas | PP |
| D ^a . María Estela Santomé Freire. | PP |
| D. Jorge Santomé Gestido | PP |
| D. José Manuel Juncal Gallego. | PP |
| D ^a Rosa Solla Veiga | PP |
| D ^a Raquel Carro Sequeiros | PP |
| D. Antonio Sánchez Carneiro | PP |
| D. Francisco Javier Carro Piñeiro | XM |
| <u>SECRETARIO:</u> | |
| D. Manuel Eugenio Costa Diz | |

En Moaña, o 30 de xullo de 2015, xoves, ás 20.00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnen, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros e as señoras concelleiras que se relacionan na marxe co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos/as os/as asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Estando presente o quórum necesario, o Sr. presidente declara validamente constituída a sesión.

Incidencias; a concelleira Rosa Solla Veiga, incorporouse a sesión ás 21:00 horas, no punto 6 da orde do día.

Ás 21:58 minutos, antes do comezo

do punto numero 10 da orde do día, faise unha recesión de cinco minutos. Retomase a sesión ás 22:05 minutos.

Antes do inicio da sesión, a señora alcaldesa pide un minuto de silencio pola morte do motorista Dani Rivas.

Seguidamente, pide que se vote por urxencia unha moción que presenta o grupo político Coalición Independente sobre ADAPTACIÓN DE PARQUES INFANTÍS.. A moción tratarase no último punto, antes de rogos e preguntas.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezaseis membros presentes, dun total de dezasete, votan a favor.

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

2º.- Información sobre o cumprimento ou estado da xestión das mocións presentadas polas asociacións ou entidades rexistradas.

3º.- Resolucións da Alcaldía.

4º.- Resolver o expediente de investigación do Camiño do Cunchal declarando, se procede, o uso público do vial.

5º.- Proposta da Alcaldía sobre representantes municipais nos Consellos Escolares da Escola Infantil "Galiña Azul" de Moaña.

6º.- Dar conta dos informes sobre o seguimento do Plan de Axuste elaborado ao abeiro do RD Lei 4/2012: 1º e 2º trimestre 2015.

7º.- Dar conta dos informes sobre o período medio de pago a provedores: 1º e 2º trimestre 2015.

8º.- Moción do grupo municipal do BNG sobre as demandas ao novo hospital de Vigo.

9º.- Moción do grupo municipal do PP para dotar á parroquia de Domaio dunha pista de Skate.

10º.- Moción do grupo municipal do PP na que solicita a reprobación á concelleira de Promoción Económica Dna. Coral Ríos.

11º.- Moción do grupo municipal XM sobre a adaptación dos parques infantís.

12º.- Rogos e preguntas.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES

A Sra. presidenta dá conta dos borradores das actas das sesións de datas 3 e 9 de xullo de 2015, e pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións a estas.

O Sr. Juncal Gallego, do grupo do PP, fai as seguintes observacións:

“PUNTO Nº 3. DA ORDE DO DIA.

ONDE DI: “Sabemos onde estamos...”

DEBE DICIR: “Nós sabemos onde estamos, estamos na oposición...gañamos as eleccións aínda que non con maioría suficiente para gobernar, somos a forza mais votada...”

ONDE DI: “Só cambiou un cadro do despacho, un despacho que é do pobo de Moaña, e a bandeira, que espero que non sexa negra.”

DEBE DICIR: “as súas primeiras semanas de mandato resúmense en cambiar un cadro do despacho da Alcaldía, que permítame recordarlle o despacho non é seu, é do pobo de Moaña, e en retirar a bandeira de España. Esperemos non teña que arrepentirse e colocar no seu lugar unha bandeira negra, porque ese é o color que está tomando o noso Concello.”

ONDE DI: “Faltoulle ao respecto aos seus socios de goberno que agachan a cabeza.”

DEBE DICIR: “Coas súas declaracións e actitude faltoulles o respecto aos moañeses e moañesas, faltoulles o respecto aos seus socios de goberno, que agachan a cabeza coma a avestruz e non din nada.”

ONDE DI: “¿Desde cando o BNG gañou as eleccións con maioría absoluta? Segue gobernando de prestado.”

DEBE DICIR: “Vostede sabe desde cando o BNG non gaña unhas eleccións con maioría absoluta en Moaña? Seguro que non. Pero dígollo eu, exactamente hai 33 anos. Xa choveu. vostede sabe desde cando o BNG non gaña unhas eleccións en Moaña. 33 anos. Desde esa, vostedes todas as veces que gobernaron fixérono de prestado, de prestado polo PSG-PSOE e outras forzas.”

ONDE DI: “Vostede arruinou obras do anterior goberno.”

DEBE DICIR: “o que podemos ver nestes días é que a vostede o protagonismo, o saír nos medios

de comunicación, anída que sexa para non contar nada, ou para anunciar como súas, obras que deixou o goberno anterior.”

ONDE DI: Dixo “é o meu despacho”, pero non o é.

Hai que substituír “pero non o é” por: “todo isto é propiedade dos veciños e veciñas de Moaña. Todo. Nós soamente estamos aquí de prestado, e calquera outra pretensión pensando que isto é dun, é unha falta de respecto a todos e cada un dos veciños deste pobo.”

ONDE DI: “Vostede quere impedir a participación. Non nos vale os seus argumentos da xunta de portavoces. Non vaian de vacacións pagadas. Teñen que dedicarlle as horas.”

DEBE DICIR: “Insistimos, vostede con isto quere impedir a participación da oposición nos asuntos do Concello, queren impedir que os veciños se acerquen ao Concello.”

Non ten outra razón, porque a razón que esgrimiu vostede na xunta de portavoces, perdoe pero non nos vale. Vostede dicía na xunta de portavoces que necesitaban un día libre para outras cousas, porque ían estar 12 horas ao día neste concello.

Entón vostede e o seu Goberno que pensaba? que viñan aquí de vacacións pagadas polos veciños de Moaña? se vostedes están no Goberno, terán que dedicarlle ao concello as horas que sexan necesarias, 12, 15, as que fagan falta.”

ONDE DI: “En 2007, tres exclusivas nunha situación delicada. A subida máis escandalosa do catastrazo, que non foi suficiente e houbo quebra técnica. 3.300.000 pesetas.”

DEBE DICIR: “No ano 2007, foi outra vez un pacto BNG-PSOE, quen non contentos con dúas dedicacións exclusivas, decidiron espremer un pouco máis os cidadáns e sacáronse da manga unha terceira dedicación exclusiva, pese a que o Concello despois de catro anos do seu goberno, estaba nunha situación delicada.

Estas tres dedicacións exclusivas foron o detonante do que ía acontecer despois, a subida máis escandalosa da historia dun imposto municipal en Moaña, o IBI ou tamén coñecido “catastro”. Foi o catastrazo.

Pero aínda así co catastrazo, non foi suficiente para financiar os soldos do BNG e PSOE, e levaron o Concello de Moaña a unha situación de quebra técnica, cun remanente de tesouraría negativo por enriba dos 20 millóns de euros, é dicir, unha débeda que como mínimo ascendía a 3.300 millóns das antigas pesetas, non pagando os provedores, e pedindo préstamos para financiar outros préstamos que non se era quen de pagar.

ONDE DI : “Vostedes dicían lindezas e dicían que era un privilexiado; outros teñen 425€.”

DEBE DICIR: “Vostedes, desde o banco da oposición dicíanlle todo tipo de lindezas ao alcalde porque cobraba un soldo tan pequeno e el contestáballes que se sentía un privilexiado, pois había familias que só tiñan 426 euros ao mes para sobrevivir e outras nin sequera iso.

ONDE DI: “Os que gobernan saquean Moaña.”

DEBE DICIR: “Van pasar á historia deste pobo, como o Goberno saqueador político das arcas municipais.”

ONDE DI: “Déronlle a razón aos seus socios de goberno”

DEBE DICIR: “Vémonos obrigados a darlle a razón aos seus socios de goberno, xa que é certo que nestes poucos días fixeron mais ca nos últimos catro anos, si señora, fixérono, cargaron o

concello con tres dedicacións exclusivas que nos van custar máis de medio millón de euros, aumentaron xa de entrada a débeda do Concello e, por suposto, conseguiron que os moañeses e moañesas teñamos que apertarnos máis o cinto para encherlles a vostedes os seus bolsillos.

Si teñen razón, isto levaba catro anos sen pasar en Moaña, pero deducimos que a partir de agora, o que no espera é isto, máis gasto, máis débeda e máis préstamos sen pagar.“

ONDE DI: “xa que cargarán a débeda do Concello, tedes que apertar o cinto para encherlles o peto. Haberá máis créditos, pagos...”

DEBE DICIR: “Pedímoslle por favor, que nos diga a todos os veciños e veciñas de Moaña, de onde van sacar vostede e os seus socios os máis de medio millón de euros que nos vai custar telos aquí catro anos.”

ONDE DI: “O anterior era un irresponsable.”

DEBE DICIR: Dicía hoxe a súa socia de goberno, que os soldos son acordos coa responsabilidade que asumiron. Entón que pasa, o anterior alcalde, o anterior goberno era un irresponsable? Se fosen uns irresponsables, ben sabe vostede que non estaría hoxe aquí, estarían diante dun tribunal de xustiza.

Antes da votación:

Pedimos a retirada do punto da orde do día e débese someter a votación.

Punto 4 orde do día:

ONDE DI: “Respecto aos locais municipais, vostedes fixeron unha proposta e dixo que a levaba ao seu grupo, que impera a democracia, pero desaparecen os locais e non dixeron que ía incluír esa proposta no ROM e antes tiñan vostedes locais, e antes non existía autorización. E as comisións nos martes dixen que non era operativo, sobre quedar vostedes en minoría, oíto non rompe a proporcionalidade.”

DEBE DICIR: “Respecto aos locais municipais, vostedes fixeron unha proposta e eu dixen que a levaba o meu grupo, e non dixeron que ía incluír esa proposta no ROM. Durante a corporación pasada tiñan vostedes locais e a necesidade de servizo era a mesma que agora, e con respecto ás autorización da Alcaldía, o alcalde anterior nunca lles impuxo o de pedir autorización, pois cada grupo debe ser responsable das súas actividades na Casa do Concello. E as comisións nos martes dixen que non era operativo, sobre quedar vostedes en minoría, oíto non rompe a proporcionalidade e o goberno segue tendo maioría nas comisións.”

PUNTO 6 ORDE DO DÍA

ONDE DI:

“Don José Manuel Juncal: fíxemos un Consello Escolar Municipal e esa constitución non se pode levar a cabo e deben traela ao Pleno da Corporación.”

DEBE DICIR: “Celebrouse un Consello Escolar Municipal, e procedeuse á Constitución deste, e entendemos que non se pode dar por constituído, xa que o Regulamento do Consello Escolar Municipal está obsoleto e nel aparecen grupos políticos que xa nin sequera forman parte da Corporación.”

Tamén comenta que en CUESTION DE ORDE anuncia que este grupo municipal ten a intención de impugnar o acordo do punto 3 da Orde do día do Pleno 9/2015 do día 3 de xullo, por vulnerar e

incumprir o establecido nos artigos 92.1 e 94 apartados 1 d) e 1 e) do Real decreto 2568/1986 Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

Sr. Carro Piñeiro de XM puntualiza que nos debates, nos dereito a réplica no ROM non están regulados. No (ROF) si que están. Pide respecto a parar o debate cando sexa alterado con discusión. Que non pensen que non se vai deixar de reclamar por non falar ou non asistir.

O Sr. Odilo di que se falou da contraréplica do que defende a moción.

A alcaldesa pide a votación coas modificacións:

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezaseis membros presentes, dun total de dezasete, votan a favor coas modificacións.

Manifesta o Sr. Gallego que se a acta recolle todo iso, quere impugnar o punto 3 da orde do día.

2º.- INFORMACIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO OU ESTADO DA XESTIÓN DAS MOCIÓNS PRESENTADAS POLAS ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES REXISTRADAS

A Sra. alcaldesa dá conta das mocións da AAVV A Chamusca contra a privatización do Rexistro Civil; do BNG a prol do mantemento e gratuidade dos Rexistro Cívís e da Plataforma en defensa da sanidade pública e manifesta a que organismos foron dirixidos.

O Pleno da Corporación queda ao corrente.

3º.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

En primeiro lugar a alcaldesa da conta ao Pleno de cómo quedaron as presidencias das comisión informativas.

Seguidamente o Sr. Juncal Gallego pregunta polas seguintes resolucións:

- **Resolución** 247/2015 que segundo informe negativo de Intervención, quere saber sobre a liquidación que había nese momento.

A alcaldesa manifesta que lle responderá por escrito no próximo pleno, pois non ten informe da Tesouraría neste intre.

O Sr. Gallego lamenta que non se lle informe agora e lamenta ter que esperar ao próximo pleno.

-**Resolución** 255/2015 que tamén pon reparos a Intervención.

A alcaldesa manifesta que tamén lle responderá por escrito.

O Sr. Juncal protesta, xa que a alcaldesa ten dedicación exclusiva e debe responder no mesmo pleno e non no seguinte.

-**Resolución** 270/2015 pregunta polo informe de persoal sobre prórroga de contratos.

A alcaldesa responde que expuxo esta situación dos traballadores a persoal e non recorda se hai informes.

-**Resolución** 288/2015 sobre pagamento custas procedemento 4186/2006.

A alcaldesa manifesta que se pagou por obriga xudicial, pero que lle responderá.

-**Resolución** 318/2015 quere saber a cantas empresas se lles pediu orzamento e se son de Moaña, xa que se lle adjudicou a unha de Poio.

A alcaldesa manifesta que tamén lle responderá.

-**Resolución** 286/2015 levanta reparo de Intervención nun proceso selectivo, quere información da xente presentada e seleccionada deste proceso.

A alcaldesa manifesta que se contrataron a tres persoas e que tamén lle responderá por escrito.

Sr. Juncal novamente queixase por non ter información no momento, tendo que esperar ao próximo pleno.

A alcaldesa dille que esa información estaba no expediente do pleno a disposición de todos os concelleiros.

Sr. Gallego pregunta polas resolucións das reclamacións patrimoniais, se teñen expediente iniciado, se hai informe policial e manifesta que a instrutora dos expedientes non debería ser a Sra. Freire, senón un funcionario por ética e legalidade.

Dáse conta das resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 153, do 28/04/15, e a número 362, da data 27/07/2015.

O Pleno da Corporación queda ao corrente.

4º.- RESOLVER O EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DO CAMIÑO DO CUNCHAL DECLARANDO, SE PROCEDE, O USO PÚBLICO DO VIAL

A Sra. alcaldesa dá lectura á súa proposta que literalmente di:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

En data 25 de novembro de 2004 a Alcaldía-Presidencia deste Concello, acordou a demolición das obras realizadas por dona Isabel Currás Durán, en expediente de reposición da legalidade urbanística pola construción de peche de 11,56 mts., lindante co camiño público, sen gardar retranqueo co mesmo, peche de ladrillo executado no barrio de O Piñeiro, 115 de Moaña, Ordenanza 2, sen preceptiva licenza municipal e por entender que as obras non se axustaban ás Normas Subsidiarias Municipais deste Concello.

Posteriormente, Dna. Isabel Currás Durán presenta recurso de reposición, contra esta resolución, recurso desestimado por nova resolución da Alcaldía de data 04 de abril de 2005.

Interpuxo recurso contencioso administrativo contra a última resolución, o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 de Pontevedra, a dita sentenza en data 14 de decembro de 2005, procedemento abreviado núm. 163/05-C, acordando a nulidade da resolución impugnada e ordenando retrotraer o expediente ao momento da súa incoación, así como que polos servizos técnicos municipais se investigue e probe, na medida do posible, acerca da titularidade pública do camiño e a súa posesión municipal, e, á vista da proba practicada resolver conforme a dereito.

Posteriormente en sesión plenaria de data 26 de febreiro de 2015, declarouse a caducidade do expediente de investigación núm. 251 e iniciar un novo expediente incorporando ao novo toda a documentación existente ao respecto.

Visto o informe emitido polo secretario municipal de data 15 de xullo de 2015, esta Alcaldía propón:

1.- Tendo en conta a valoración das probas que constan no expediente, procede declarar suficientemente acreditada a posesión administrativa ou uso público do camiño chamado “do Cunchal”, situado no barrio O Piñeiro, Moaña. Deberá taxarse o camiño e incluílo no inventario de

bens, inscribindo o dito ben no Rexistro da Propiedade mediante certificación administrativa do secretario en virtude do previsto no artigo 206 da Lei hipotecaria.

2.- Deberá notificar o acordo adoptado aos propietarios afectados e ao Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Pontevedra.

*Moaña, 15 de xullo de 2015
A alcaldesa, Leticia Santos Paz*

O Sr. Secretario, D. Adamantino Barreiro García, emite o seguinte informe de data 15/07/2015:

INFORME DE SECRETARIA

En cumprimento do preceptuado nos artigos 54 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, que aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 173 del Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais, e no artigo 3 e 4 do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, de réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter estatal, corresponde ao secretario emitir informe sobre os extremos que se deducirán en base as seguintes,

ANTECEDENTES

O **29 de xaneiro de 1959**, o veciño D. Manuel Currás Nogueira solicitou ao Concello de Moaña o cambio de dirección dun camiño público sito no lugar de "Cunchal" debido a que unha das curvas da vía atravesaba a súa propiedade nunha lonxitude de 15 metros, polo que solicitaba a súa supresión e consecuente **modificación do camiño**. O día 31 de marzo do mesmo ano, a Corporación do Concello acordou acceder ao solicitado a condición de que a modificación do camiño seguira unha liña recta e se levasen a cabo tódalas medidas precisas para garantir a seguridade da vía, atendendo ás reclamacións presentadas polos veciños.

03 de xuño de 2005, Dña. Isabel Currás Durán - filla de D. Manuel Currás Nogueira - interpuxo recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra contra o Concello de Moaña e D. Germán Pérez Currás, recorrendo a resolución de data 04/04/2005 ditada polo Alcalde do Concello de Moaña, pola que se desestimaba o recurso de reposición á súa vez presentado contra a resolución de dita autoridade municipal de data 25/11/2005, mediante a cal se ordenaba a **demolición das obras consistentes na construción dun peche de 11,56 metros no barrio de Piñeiro, nº 115, lindante co camiño público de o "Cunchal", debido á ilegalidade das obras, ao non gardar o retranqueo esixido segundo as Normas Subsidiarias Municipais do Concello**.

O **14 de decembro de 2005** o devandito Xulgado ditou sentenza nº 214/05 estimando o recurso contencioso administrativo presentado e declarou nula a resolución recorrida por non ser conforme a dereito, ao non seren suficientes as probas presentadas pola demandante para probar a titularidade privativa do camiño, nin as probas presentadas polo Concello para demostrar a súa natureza pública, polo que **ordenou ao Concello que retrotraese o expediente de reposición da legalidade urbanística ao momento da súa incoación para que, polos servizos técnicos municipais, se investigase e probase, na medida do posible, a condición pública do camiño e a súa posesión municipal**.

Con data **16/03/2007** a demandante interpuxo **recurso de reposición** da Medida Cautelar contra a resolución da Alcaldía ditada o 21 de marzo de 2007 pola que se ordenaba a retirada dunhas portas de ferro colocadas no camiño público que une a estrada de Verducedo e o camiño do Cunchal, no barrio de Verducedo, por non ter licenza municipal de obras. Dito recurso foi desestimado por silencio administrativo. De seguido, a recorrente interpuxo **recurso de alzada** contra a devandita desestimación.

O **5 de xullo de 2007** o aparelador municipal, D. Arturo Garrido García, á vista do informe do asesor xurídico D. José Ramón Vázquez Cueto de data 22/12/2005 ratificando o contido da devandita sentenza recaída, emitiu **informe positivo sobre a condición pública do camiño** obxecto do litixio ao atoparse este conectado a dúas estradas de natureza pública.

O **7 de abril de 2008** por Resolución da Alcaldía nº 127/2008 foi inadmitido o recurso de alzada interposto por Dña. Isabel Currás Durán o día 01 de outubro de 2007, considerando que non cabe a súa interposición « *xa que o citado recurso de alzada só cabe interpoñelo contra as resolucións e actos de trámite que poñan fin á vía administrativa, e ante o superior xerárquico do Órgano que ditou a resolución de que se trate, tal e como establece o artigo 114.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro* ».

O 9 de xuño de 2008 a recorrente presentou no rexistro do Concello un **Recurso Extraordinario de Revisión e Subsidiario de Queixa** contra a devandita resolución nº 127/2008 de data 7 de abril de 2008, que desestimaba o recurso de alzada interposto o 01/10/2007.

Por resolución da Alcaldía do día **18 de setembro de 2008** iniciouse o expediente de reposición da legalidade urbanística con número 64/2008, polo encintado dun muro de mampostería de 5 metros lindando co camiño do Cunchal no barrio do Piñeiro. O **7 de outubro de 2008** o arquitecto técnico D. José Manuel Carballo Moldes emitiu informe indicando a ilegalidade de ditas obras iniciadas por Dña. Isabel Currás Durán, ao non agardar o retranqueo perceptivo e non ter licenza municipal polo que debían ser demolidas de acordo co disposto nas normas urbanísticas aplicables. O 30 de outubro de 2008 foille comunicado á interesada o trámite de audiencia para a presentación de alegacións e documentos xustificativos que estimase pertinentes no expediente de Reposición da Legalidade incoado por resolución do 18 de setembro de 2008.

O 5 de decembro de 2008, por resolución da Alcaldía nº 624/2008, resolveuse o expediente para a reposición da legalidade urbanística nº 64/2008, á vista do informe do arquitecto técnico e as alegacións presentadas pola interesada expoñendo que as obras obxecto do expediente foron executadas polo propio Concello con motivo do ensanchamento do camiño do Cunchal, alegación que foi desmentida polo informe emitido polo concelleiro-delegado de Servizos do Concello no que afirma que non se levou a cabo ningunha obra na propiedade de Dña. Isabel Currás Durán. Contra a devandita resolución, a interesada presentou un recurso de reposición que foi desestimado pola resolución da Alcaldía nº 486/2009, en base ao informe do asesor xurídico do 11 de agosto de 2009.

O **9 de febreiro de 2009** por resolución da Alcaldía nº 72/2009 inadmitiuse o **Recurso Extraordinario de Revisión e Subsidiario de Queixa** interposto por Dña. Isabel Currás Durán, por non estar fundamentado dito recurso en ningunha das causas mencionadas no artigo 118 da Lei 30/92, en base ao informe do asesor xurídico de data 03/02/2009, o que lle foi comunicado á recorrente no mesmo día.

O 6 e 10 de xuño de 2009 tiveron entrada no Concello de Moaña, con núms. 5226 e 4335 respectivamente, copias das Providencias ditadas polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra polas que se lle requiría ao Concello que, no prazo improrrogable de 5 días, puxera en coñecemento de dito Xulgado o procedemento seguido para a execución da sentenza nº 214/05 ditada o 14/12/2005, as medidas ditadas, o órgano administrativo encargado de realizar ditas actuacións e o prazo previsto para o seu total e exacto cumprimento.

O 11 de setembro de 2009, con nº de entrada 7051, foi remitido ao Concello copia de Providencia ditada polo devandito Xulgado con data 31/07/2009 pola que se lle requiría para que, no prazo dun mes, iniciara o correspondente expediente sobre a titularidade do camiño de O Piñeiro, nº 115, á vista das alegacións presentadas por Dña. Isabel Currás Durán o 30/07/2009 ante a faltade determinación dunha data de iniciación do asunto e do trámite de audiencia por parte do Concello. Ante a falta de contestación por parte do Concello, con data 13/11/2009 volvéuselle a requirir que, no prazo de 5 días, manifestase se dera cumprimento á iniciación do expediente.

O 9 de febreiro de 2010 mediante Resolución da Alcaldía nº 66/2010 ordenouse o arquivo do expediente nº 64/2008 de reposición de legalidade urbanística incoado a nome de Dña. Isabel Currás Durán o 18/09/08.

O 8 de marzo de 2010, tivo entrada no Rexistro do Concello, con nº 1853, nova Providencia do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra de data 24/02/2010 pola que se lle reiteraba novamente o requirimento efectuado mediante Providencia do 31/07/2009, con apercibimento de multa periódica. O 23 de marzo de 2010 remitíuselle contestación á citada Providencia xunto co informe do aparelador municipal D. Arturo Garrido García de data 05/07/2007, no que indicaba o carácter público do vial obxecto da controversia.

Con datas 8/04/2010 e 1/10/2010 tiveron entrada no Concello, con números 2790 e 7634 respectivamente, novas providencias do devandito Xulgado requirindo a iniciación do expediente sobre a titularidade do camiño do Cunchal. O 8 outubro de 2010, nº saída 3154, en contestación á última providencia remitíuselle escrito explicando que se estaba a reunir a documentación necesaria para determinar si concorían as circunstancias suficientes para determinar o inicio do expediente de investigación respecto do camiño no barrio de O Piñeiro, nº 115 lindante coa propiedade de Dña. Isabel Currás Durán.

Por dilixencia de ordenación do devandito Xulgado de data 3 der novembro de 2010, vólvese a requirir ao Concello que tome una decisión sobre a iniciación do devandito expediente, á vista das alegacións presentadas pola interesada o 25 de outubro de 2010, solicitando ademais a imposición das correspondentes multas pola demora provocada neste asunto. O día 16 de novembro de 2010, mediante Oficio ditado polo Xulgado, vólvese requirir a iniciación do expediente.

O 18 de novembro de 2010, mediante Providencia da alcaldía dáselle traslado do expediente á Policía Local para que efectúen as correspondentes indagacións para aclarar a titularidade do camiño. O día 22 de novembro de 2010 a Policía Local emite o informe requirido no que se indica que, de acordo coa testemuña dos veciños do lugar, « *o trazado actual do camiño referido é consecuencia dunha permuta entre un particular e o Concello de Moaña, polo cal o camiño público que discorría polo medio dunha propiedade modificaba o seu trazado, e pasaba a discorrer polo linde coa propiedade de dito particular* ».

O 3 de decembro de 2010, foille enviado, con nº 3730, ao Xulgado do Contencioso

Administrativo nº 2 de Pontevedra en contestación á Providencia do 3 de novembro, comunicándolle o indagado ata ese momento.

O 21 de decembro de 2010 o secretario municipal emitiu informe sobre o procedemento e os trámites a seguir neste asunto e concluía que concorrían razóns suficientes para proceder ao inicio de expediente de investigación do camiño.

O 19 de xaneiro de 2011, déuselle traslado, con nº 196, á Subdirección Xeral do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e á Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra, de copia do acordo municipal adoptado en sesión plenaria o día 28 de decembro de 2010 sobre o inicio do expediente de investigación sobre a titularidade do camiño de o barrio de O Piñeiro (Berducedo) á altura do nº 115. O 27 de xaneiro de 2010, con nº 523, recíbese contestación da Consellería de Facenda na que se acredita que non consta inscrito o ben investigado no Inventario de Bens e Dereitos da Comunidade Autónoma de Galicia.

O 23 de febreiro de 2011, publicouse no BOPDEPO anuncio da iniciación polo Concello de Moaña do expediente de investigación patrimonial sobre o devandito camiño e o 25 de febreiro notificóuselle dita iniciación do expediente a D. German Pérez Currás, á Asociación de veciños de Berducedo-Piñeiro e a Dna. Isabel Currás Durán para que puideran facer as alegacións que estimasen oportunas.

O 24 de marzo de 2011 a Asociación Veciñal de Berducedo-Piñeiro presentou escrito, nº de entrada 2115, solicitando o recoñecemento do camiño polo actual trazado como de carácter público, para o cal aportaban copia do expediente municipal instruído para o cambio de trazado do camiño en 1959 e copia do mapa editado pola asociación veciñal onde se sinala o vial.

O 9 de maio de 2011, nº saída 126, deuse resposta á Providencia do Xulgado de data 19 de abril der 2011 respecto do inicio do expediente de investigación do citado camiño.

Con data 26/09/2012 o Inspector Municipal de Obras emitiu informe de denuncia de Dna. María Luísa Rodríguez Currás contra D. GermánPérez Gestido pola construción dun peche no camiño do Curral no lugar de Berducedo, e que foron executados por persoal de Servizos do Concello de Moaña, dentro dun proxecto do Plan de Acción Municipal da Deputación para o ensanche e afirmado do camiño do Curral.

O 24 de xullo de 2013, Dna. Isabel Currás Durán solicitou ao Concello de Moaña que se recoñecera a titularidade privada do camiño que transcorre polo barrio de O Piñeiro a carón da súa propiedade nº 115 e que se emitira certificación urbanística do mesmo e se lle informase sobre a posibilidade de instalar un portal de peche.

O 27 de outubro de 2014, tivo entrada no rexistro do Concello un oficio ditado polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 polo que solicitaba información sobre o acordo adoptado no pleno respecto ao inicio do expedinte de investigación sobre a titularidade do camiño, ao que se lle de deu contestación o 5 de decembro indicando que debido ao cambio de Alcaldía no día 11 de xuño de 2011, a nova Presidencia do Concello non tiña constancia do devandito expediente e que se daría continuidade á investigación do mesmo no menor tempo posible.

O 11 de outubro de 2014 o Xefe da Policía Local emitiu informe manifestando que, ese mesmo día, a requirimento dun veciño presentáronse no barrio do Piñeiro e

comprobase que fronte ao nº 114 B e lindante co camiño do Curral había dúas pedras nunha entrada - tal e como amosaban as fotografías axuntadas - as cales foron postas por orden de Dna. Isabel Currás Durán ao considerar que a entrada é da súa propiedade.

Con data 16/03/2015, o Inspector-xefe da Policía Local emitiu informe no que facía constar que os días 13 e 16 de marzo de 2015 recibiran chamadas telefónicas denunciando que no barrio do Piñeiro, na vivenda nº 115 propiedade de Dna. Isabel Currás Durán estaban a retomar as obras nun muro que estaban paralizadas polo Concello. Os axentes puideron comprobar que a única obra que se estaba a realizar en dito lugar era a colocación dunha plaqueta nunha beirarrúa que lindaba coa vivenda e que no muro non estaban a traballar, aínda que había varios bloques colocados sen cemento.

O 22 de xaneiro de 2015 o inspector municipal de obras emitiu informe en relación coa existencia dunha vía de titularidade pública coñecido como "camiño do Cunchal", entre a estrada de verducedo e o camiño do Curral, fronte á vivenda nº 115 do Piñeiro, propiedade de Dna. Isabel Currás Durán, indicando que ten carácter público en base ao expediente 53/1959.

O día 26 de febreiro de 2015 o Pleno da Corporación do Concello de Moaña acordou, á vista da proposta da Alcaldía do día 2 de febreiro de 2015 e do informe favorable da Comisión informativa de Facenda do 24 de febreiro, "*declarar a caducidade do expediente 251 e iniciar un novo expediente de investigación de titularidade do camiño no barrio de O Piñeiro, 115, lindeiro coa propiedade de Dna. Isabel Currás Durán, incorporando ao novo toda a documentación existente ao respecto*". Dito acordo foi comunicado o 18 de marzo de 2015 aos interesados, Dna. Isabel Currás Durán, D. Germán Pérez Currás e á Asociación de veciños de Berducedo-Piñeiro. Ademais o devandito acordo do Pleno foi publicado no BOPPO o mércores 01 de abril de 2015, nº62.

O 7 de abril de 2015, tivo entrada no Rexistro do Concello, con nº 2096, un escrito de alegacións presentadas pola Asociación veciñal de Berducedo-Piñeiro na que manifestaba que entendía que o devandito camiño se trataba dun camiño público utilizado como tal dende fai mais de 50 anos, pois de outro modo, deixaría aos veciños sen un dos camiños de comunicación e solicitan que se resultase ser de titularidade privada, se abra novamente o antigo camiño antes de que o actual sexa pechado. Neste mesmo sentido foron presentados o 17 de abril de 2015, nº de entrada 2375, varios escritos de alegacións de forma individual polos veciños. Dito día, presentou escrito de alegacións, nº de entrada 2374, Dna. Isabel Currás Durán manifestando a titularidade privada do camiño ao non atoparse inscrito nin no inventario municipal, nin constar no Catastro a titularidade municipal así como por demais feitos que expresa no devandito escrito presentado.

O 4 de maio de 2015 citouse aos interesados, D. German Pérez Currás, Dna. Isabel Currás Durán e á Asociación veciñal de Berducedo-Piñeiro para que, o día 8 de maio de 2015 comparecesen xunto con tres testemuñas ás 12:00 horas nas dependencias da Secretaría Xeral deste Concello, co fin de tomarlles declaración sobre o camiño referido. Na data sinalada compareceron 8 veciños que manifestaron o seu coñecemento sobre a existencia dun camiño no Lugar de Verducedo-O Piñeiro.

Corresponde ao secretario informar sobre a legalidade aplicable e sobre a adecuación do que se actúe a esa legalidade. En cumprimento deste deber, emítase o seguinte

INFORME

PRIMEIRO.- A normativa aplicable vén recollida basicamente por:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas
- Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das corporacións locais.
- Decreto de 17 de xuño polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.

SEGUNDO.- Procede no presente suposto, o estudo da documentación que consta no expediente co fin de declarar o carácter público ou non do camiño chamado "do Cunchal", situado no barrio O Piñeiro.

Os camiños son definidos e considérase como bens de dominio e uso público de titularidade municipal, cos efectos a iso inherentes, nos arts. 3.1, 70 a 72 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RB), aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño (BOE do 7 de xullo) e no art.º 82 da Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE do 3), Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL). A titularidade municipal e a demanialidade proclámana, tamén, a lexislación autonómica de réxime local; principalmente a través das leis e regulamentos de bens autonómicos e da lexislación de estradas e camiños, sen desenrolar na nosa comunidade autónoma. De aí a importancia de distinguir a natureza pública ou privada para a aplicación ou non de tales preceptos.

A doutrina distingue no concepto de camiños entre veciñais -aqueles que enlazan unhas veciñanzas con outras (de aí o nome de veciñais)- dos propiamente rurais. Só os chamados veciñais e os rurais en sentido estrito son camiños públicos para os efectos da súa conservación e reivindicación, mentres que as servidumes típicas de terreos non teñen carácter público e o seu uso e demais extremos rexeranse polas normas do Código Civil (arts. 564 a 670).

Hoxe, os camiños rurais aparecen con moi diversos nomes segundo as súas características, destino principal e anchura. Entre eles, son de citar os camiños carreiros (ou carreira), destinados principalmente ao tránsito de carruaxes; os camiños de ferradura, que estreitan de modo que poden transitar cabalarías e outros animais, pero non carros ou outros vehículos; a senda ou sendeiro como vía a pé ou a cabalo cabalgando con outros sen ir ao mesmo tempo; e mesmo a vereas, aínda que se use esta expresión se o camiño en cuestión non está rexistrado pola comunidade autónoma como vía pecuaria ha de considerarse como camiño público e polo tanto susceptible de recuperación polo municipio (STS do 6 de novembro de 1989). Tamén poden aparecer con outros nomes en función das súas características, anchura e destino.

En Dereito privado a constitución da servidume de paso está regulada polos arts. 584 e ss. do Código Civil.

A Xurisprudencia foi clara na materia, ao precisar que os camiños veciñais teñen a condición de públicos (Sentenza do Tribunal Supremo do 7 de maio de 1987). Sendo, para estes efectos, indiferente que non figuren no Inventario Municipal de Bens, se o carácter de uso público do camiño se acredita suficientemente (Sentenza do Tribunal Supremo do 29 de setembro de 1989). Son, pois, bens de dominio público destinados a un uso público; de aí a importancia de distinguilos coas chamadas servidumes de paso. En Dereito privado, a constitución da servidume de paso está regulada polos artigos 564 e seguintes do Código Civil. O carácter público ou privado dependerá da natureza pública ou privada do chan sobre o que transcorren. Chamamos camiño público a aquel cuxo chan é público. O chan do camiño privado é alleo e sobre el non cabe máis que a servidume. O camiño privado é a servidume, en chan alleo, de paso, a pé, con vehículo ou para carrexo. O terreo polo cal cruza o camiño é predio servente; e será dominante aquel predio a cuxo favor se utiliza o paso ou camiño.

Polo tanto do que se trata é de descubrir se realmente estamos ante un camiño, nese caso trataríase dun ben de dominio público do Concello, ou ben ante unha servidume de paso cuxo peche debe ser discutido polos veciños afectados en sede Xudicial e respecto á cal o Concello non tería competencias.

De acordo co artigo 80 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os bens comunais e demais bens de dominio público gozan dunha especial protección, son inalienables, inembargables e imprescritibles e non están suxeitos a tributo ningún e conforme ao artigo 82, das prerrogativas de recuperar por si mesmas a súa posesión e a de deslinde.

Así pois o primeiro que deberá facerse, dadas as dúbidas en canto á titularidade que se formulan sobre o camiño, é o expediente de investigación que resolverá se estamos ou non ante un camiño público.

A finalidade do exercicio desta potestade, cuxo procedemento está regulado, non é outra que a adopción de medidas tendentes á efectividade dos dereitos. É froito e consecuencia do deber da Administración de defender os seus bens. As Entidades Locais terán respecto dos seus bens e dereitos as seguintes potestades: De investigación, de deslinde, de recuperación de oficio e de desafuzamento administrativo. A potestade de investigación é ou constitúe o trámite ou presuposto previo á potestade de recuperación de oficio que loxicamente leva consigo e precisa da práctica de dilixencias e indagacións previas.

Con carácter xeral a competencia para os actos de iniciación e instrución dos procedementos relativos ás potestades referidas corresponde á Presidencia da Entidade Local, e os actos que poñan fin ao procedemento ao Pleno.

A potestade de investigación está regulada nos artigos 45 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais (Regulamento de Bens das Entidades Locais) de 1986 e tamén na LPAP (artigos 45 a 49). Así, no artigo 45 do Regulamento de Bens das Entidades Locais prevé que as Entidades Locais exerciten a facultade de investigar as situacións dos bens e dereitos cando se presuman da súa propiedade, sempre que esta non conste, co fin de determinar a titularidade destes. Non obstante, debe indicarse que no artigo 55 do Regulamento de Bens das Entidades Locais se establece que o coñecemento das cuestións de natureza civil que se susciten con ocasión da investigación practicada corresponderá á Xurisdición ordinaria.

Esta última precisión, levou aos Tribunais a determinar que o obxecto da potestade de investigación non consiste en decidir sobre a propiedade dun ben de dominio público;

senón a existencia dun ben de uso público, posto que a determinación da titularidade dos dereitos dominicais corresponde á Xurisdición ordinaria (Sentenza do Tribunal Supremo do 21 de xaneiro de 1999).

O procedemento para facer efectiva a investigación regúlase nos artigos 46 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais. Procedemento que pode ser iniciado de oficio pola propia Entidade, por iniciativa de calquera outra Administración que poña en coñecemento daquela os feitos, actos ou circunstancias que sirvan de base ao exercicio da devandita acción, en virtude dos deberes de información mutua e colaboración, e por denuncia de particulares.

Como medios de proba serán admisibles os seguintes elementos: os documentos públicos, xudiciais, notariais ou administrativos outorgados conforme a Dereito; o recoñecemento e ditame pericial; e a declaración de testemuñas. É preciso advertir que o libramento dos testemuños e certificacións por Notarios e Arquiteiros deberán cumprir as formalidades previstas no artigo 51 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Como sinala a Sentenza do Tribunal Supremo do 5 de decembro de 2000, as Entidades Locais poden recuperar de oficio os seus bens tras os informes técnicos pertinentes e a comunicación aos interesados, pero os diversos acordos que se adopten no procedemento de recuperación de oficio e de execución das devanditas decisións deben notificarse ao particular afectado, posto que no caso contrario pode provocarse indefensión.

A sentenza do TS de 30-03-1999, da que foi relator Don Rodolfo Soto Vázquez, indica que: " .. En concreto, e tendo en conta o texto dos artigos 70 e 71 do devandito Regulamento, queda firmemente establecido que o procedemento privilexiado de recuperación en vía administrativa está subordinado, non soamente á acreditación do carácter público dos bens a que se refira, senón tamén á circunstancia de que estes se achasen en posesión previa da Entidade e terían sido usurpados por aqueles contra os cales a recuperación se dirixa. Ese é por outra parte o constante sentido da Xurisprudencia desta Sala (Sentenzas, entre outras, de 4 de xaneiro de 1.991, 18 de setembro de 1.997, 11 de febreiro, 25 de marzo e 7 de xullo de 1.998). "

Terceiro.- Ponderando as circunstancias que presenta este suposto, cabe sinalar que o camiño non figura no inventario municipal de bens, nin tampouco figura na documentación catastral achegada. Pero non debemos esquecer que con data 17/04/2015, rexistro de entrada número 2375, achéganse **49 sinaturas** de veciños que aseguran o carácter **público do camiño**, e que deben terse moi en conta, e engaden que o uso de dito camiño vense realizando dende fai máis de 50 anos, non existindo conflitos ata a actualidade. Alegan os veciños que achegaron documentación da permuta realizada por acordo da Corporación o 31 de marzo de 1959, tras a petición realizada por D. Manuel Currás Nogueira, e identifican claramente, sen lugar a ningún tipo de dúbida, que o camiño permutado nesa data, se corresponde co camiño obxecto deste expediente, sito no Cunchal.

Na proba testifical practicada no expediente, con data 08/05/2015 as oito testemuñas, propostos polas partes, a maioría recoñecen o uso do camiño dende fai máis de cincuenta anos, uso que cualifican de público, e recoñecen o tránsito de todos os veciños polo citado camiño. Incluso unha testemuña recoñece que para a construción da súa vivenda, situada en fronte a casa de dona Isabel Currás Durán pasou todo o material da obra polo camiño obxecto de litixio, que era o único camiño que tiña para a construción da casa, de feito a súa traída de auga discorre enterrada polo dito

camiño, se ben na actualidade existe un novo camiño chamado do Curral, recente asfaltado polo que descorre unha nova traída.

De feito o Concello xa defendeu o carácter público do camiño con motivo das obras de muro de peche realizadas por dona Dña. Isabel Currás Durán - filla de D. Manuel Currás Nogueira no ano 2005, que deron lugar a este expediente de investigación, resolución de data 04/04/2005 ditada polo Alcalde do Concello de Moaña, pola que se desestimaba o recurso de reposición á súa vez presentado contra a resolución de dita autoridade municipal de data 25/11/2005, mediante a cal se ordenaba a demolición das obras consistentes na construción dun peche de 11,56. Posteriormente con data 16/03/2007 dona Isabel Currás Durán interpuxo recurso de reposición da Medida Cautelar contra a resolución da Alcaldía ditada o 21 de marzo de 2007 pola que se ordenaba a retirada dunhas portas de ferro colocadas no camiño público que une a estrada de Verducedo e o camiño do Cunchal, no barrio de Verducedo, por non ter licenza municipal de obras. Dito recurso foi desestimado por silencio administrativo. De seguido, a recorrente interpuxo recurso de alzada contra a devandita desestimación. Por resolución da Alcaldía do día 18 de setembro de 2008 iniciouse o expediente de reposición da legalidade urbanística con número 64/2008, que foi obxecto de recursos desestimados por este Concello.

O Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra requiriulle ao Concello puxera en coñecemento de dito Xulgado o procedemento seguido para a execución da sentenza nº 214/05 ditada o 14/12/2005, as medidas ditadas, o órgano administrativo encargado de realizar ditas actuacións e o prazo previsto para o seu total e exacto cumprimento.

O camiño foi obxecto tamén de reclamación por unha asociación de veciños. O 24 de marzo de 2011 a Asociación Veciñal de Berducedo-Piñeiro presentou escrito, nº de entrada 2115, solicitando o recoñecemento do camiño polo actual trazado como de carácter público, para o cal aportaban copia do expediente municipal instruído para o cambio de trazado do camiño en 1959 e copia do mapa editado pola asociación veciñal onde se sinala a vía.

Polo tanto constatouse no presente expediente, que **os veciños declararon unha clara proba da existencia e utilización dun uso público do camiño, que viña sendo utilizado libremente polos veciños do lugar que tiñan necesidade, , ata a colocación de obstáculos que impiden o libre tránsito por este, o que revela ese uso público do camiño, e incluso o identifican o camiño obxecto de discusión, co permutado polo Concello o 31/03/1959.**

Recordemos que o **Tribunal Supremo en Sentenza de 25/03/1998**, rec. 3838/1992, establece que a determinación da titularidade pública ou privada dun camiño é cuestión para cuxo coñecemento non é competente esta xurisdición senón a ordinaria. Polo tanto non lle corresponde a este Concello pronunciarse sobre a titularidade privada ou pública dos terreos. Indica esta sentenza:

«a natureza dos fins aos que están afectados os bens de dominio público xustifica un réxime xurídico privilexiado que habilita á Administración por si mesma e sen necesidade de acudir aos Tribunais para recuperar a súa posesión, o que implica unha aplicación da autotutela administrativa no ámbito do dominio público plenamente recoñecida nos arts. 4.º. 1 d) e 82 a) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, do 2 de abril de 1985, e 70, 1 e 71 do Regulamento de Bens, e constitúe, en esencia, unha auténtica acción interdictal, coñecida como «interdictum propium», de carácter puramente posesorio, que deixa imprejuizado o problema da titularidade dominical, prerrogativa recoñecida por

abundante e constante xurisprudencia cuxa notoriedade escusa a cita concreta. Terceiro. - Sentado o anterior, resulta claro que a resolución do litixio, recoñecida por entender lexitimada a actividade usurpatoria, remítese á acreditación da posesión administrativa ou uso público do camiño, para o que abonda coa existencia dunha proba suficiente, máis sen que en modo algún sexa exhaustiva (S TS do 9 de maio de 1989), de modo que, aínda que a proba testifical ofrezca contradicións, non significa que non resulte viable extraer dela algún elemento con forza convincente, pois ha de valorarse conforme ás regras da sa crítica -art.º 659 LEC. Neste sentido, ultimamente, a sentenza do TS do 23 de xaneiro de 1990.»

No presente expediente consta o informe do **5 de xullo de 2007** no que o aparelador municipal, D. Arturo Garrido García, emitiu **informe positivo sobre a condición pública do camiño** obxecto do litixio ao **atoparse este conectado a dúas estradas de natureza pública**.

Por outra banda o camiño **si figura reflectido** no vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Moaña, aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 13 de xullo de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, publicada no DOG nº 146, do 01.08.2011, publicada a normativa e ordenanzas do plan aprobado definitivamente no BOP nº 216 do 10 de novembro de 2011.

Respecto ao prazo de resolución do expediente de investigación, o Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, (RB) non indica o prazo de resolución, debendo acudir supletoriamente ao establecido no artigo 47 e) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, que establece o prazo de **dous anos** contados desde o día seguinte ao da publicación, polo que o expediente atópase en prazo para a súa resolución.

Polo exposto, existe unha constatación dos presupostos de feito para o exercicio da potestade de recuperación deste ben, e acreditada a posesión administrativa ou uso público do camiño.

CONCLUSIÓN

Tendo en conta a valoración das probas que constan no expediente, procede declarar suficientemente acreditada a posesión administrativa ou uso público do camiño chamado "do Cunchal", situado no barrio O Piñeiro, Moaña. Deberá taxarse o camiño e incluílo no inventario de bens, inscribindo o dito ben no Rexistro da Propiedade mediante certificación administrativa do secretario en virtude do previsto no artigo 206 da Lei hipotecaria.

Deberá notificarse o acordo adoptado aos particulares afectados e ao Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Pontevedra.

Advírteselle así mesmo das **graves carencias de persoal e de medios materiais** dos que dispón esta Secretaría para poder dar cumprimento as funcións necesarias establecidas no Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Todo iso sen prexuízo doutros criterios mellor fundados en Dereito.

Non obstante, o Pleno da Corporación acordará o pertinente.

Moaña, 15 de xullo de 2015. O Secretario, Adamantino Barreiro García.

Sometida a proposta a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acordan:

PRIMEIRO.- Tendo en conta a valoración das probas que constan no expediente, declarar suficientemente acreditada a posesión administrativa ou uso público do camiño chamado “do Cunchal”, situado no barrio O Piñeiro, Moaña. Deberá taxarse o camiño e incluílo no inventario de bens, inscribindo o dito ben no Rexistro da Propiedade mediante certificación administrativa do secretario en virtude do previsto no artigo 206 da Lei hipotecaria.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos propietarios afectados e ao Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Pontevedra.

6º.- DAR CONTA DOS INFORMES SOBRE O SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE ELABORADO AO ABEIRO DO RD LEI 4/2012: 1º E 2º TRIMESTRE 2015.

De acordo cos informes da interventora municipal, dona María Carmen Carracelas Rosales, de datas 22 de abril de 2015 e 7 de xullo de 2015, o concelleiro Sr. Aldán Santamarina manifesta que como responsable da área, analiza o cumprimento aprobado en marzo do 2012, no 1º semestre de 2015, non se revisaron as ordenanzas das taxas municipais, co incremento do IPC, segundo informe de Intervención e tampouco o IVTM, nin as previsión do incremento do IVA no IBI, tampouco se respectaron as medidas de redución de gastos, contratando a catro persoas, incumprindo o Plan de axuste, así como gastos avultados en bens e servizos.

O Sr. Juncal Gallego critica a declaración de intencións de subidas de taxas e impostos é culpa dos gobernos alternativos de Moaña do BNG e PSOE ata 1999, que comezou a gobernar o PP, onde estaba a contabilidade sen facer e nin sequera entraban os ingresos estatais e para saber a débeda do Concello, tiveron que facer unha auditoría. Tamén indica que se a anterior Corporación subise os impostos tal como estaba a cidadanía nese momento sería un delito ou atentado en contra deles. As débedas que deixou sen recoñecer o BNG son de 4.970.000, dende 1990 e logo obrigas pendentes recoñecidas a 5.000.000 millóns de euros. En 2010 foron 7.567.000 euros e no 2011 foron 10.567.000 euros. Informado todo pola Intervención dende 2005. Tamén comenta que este Concello dedica en gasto de persoal o 59% do presuposto, sendo o mais alto de Galicia, nos concellos desta categoría. Tamén di que o déficit transitorio de liquidez é usado para amortizar o déficit anterior e teme que esta situación perdure no tempo.

A Sra. Marta Freire manifesta que o Sr. Juncal contradise pois di que non estivo en gobernos anteriores e que non ten información, non obstante vese que está ben informado dende 1999, que esa declaración de intención da que fala, aprobouse no 2012, cando o seu grupo gobernaba. Que a liña de buscar ingresos alternativos non é soamente a conta dos veciños; o gasto de persoal 2011 – 2015 corresponde a cando gobernaba o PP, xa que este Goberno leva un mes en activo, polo que debe ser rigoroso nos datos e períodos dos distintos grupos.

Sr. Javier Carro di que a intervención do Sr. Juncal Gallego é semellante á do ministro Sr. Montoro, o problema é cando se chega ao goberno e se teñen que tratar temas delicados como os desafuzamentos.

O Sr. Aldán Santamarina pide que se centre no punto do 1º semestre do 2015 do Plan de axuste aprobado no 2012 no incremento do IPC, IVTM incumprindo a diminución do gasto e propón reducir o gasto, valorando o 2º semestre do 2015 e non entende a alusión a anos anteriores.

Sr Juncal Gallego declara que non estivo na corporación anterior, pero coñece un pouco o funcionamento deste Concello, xa que el estivo de concelleiro en corporacións anteriores e síntese orgulloso de que o anterior Goberno non subise os impostos, quere saber se van ter ingresos alternativos sen ter que recorrer aos veciños. Votarán en contra da suba do IPC, xa que o gasto está inflado cos soldos da nova Corporación.

O Sr. Carro Piñeiro di que o futuro de Moaña xa está aquí, e os que viven no pasado teñen medo do futuro.

7º.- DAR CONTA DOS INFORMES SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES: 1º E 2º TRIMESTRE 2015.

De acordo cos informes da interventora municipal, dona María Carmen Carracelas Rosales, de datas 30 de abril de 2015 e 6 de xullo de 2015, o concelleiro Aldán Santamarina manifesta que segundo informe preceptivo da Intervención feito cada tres meses, a media de retrasos de pago de facturas é de 30 días; no 1º trimestre as factura pagadas foron a 160 días e no 2º trimestre a 170. O retraso das non pagadas do 1º trimestre é de 125 días e no 2º trimestre é de 113 días, facendo un promedio de 135,57. Deberíase de tomar medidas de redución de gastos e incremento de ingresos, recollido no informe do 2º trimestre.

O Sr. Juncal Gallego alégrase do compromiso do concelleiro de Facenda esperando que non ocorra como en gobernos anteriores con retraso con 2, 3 e 4 anos para pagar.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AS DEMANDAS AO NOVO HOSPITAL DE VIGO

O Sr. Aldán Santamarina dá lectura da seguinte moción:

“MOCIÓN DEMANDAS DO NOVO HOSPITAL DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Sanidade adxudicou un contrato de 1.300 millóns de euros á Sociedade Concesionaria do NOVO HOSPITAL DE VIGO S.A. para proxectar, construír e explotar os servizos do hospital. O proxecto público custaba 400 millóns.

O novo hospital segundo a consellería tería 1.465 camas que engadidas ás 422 de Meixoeiro e as 117 de Nicolás Peña farían un total de 2.004 camas.

A realidade é ben distinta, o novo hospital abre con 845 camas, no Meixoeiro redúcense a 347 e no Nicolás Peña a 68, polo que dispoñemos 1.260 camas, é dicir 744 camas menos das prometidas e anunciadas.

A cambio dun hospital novo privatizado e recortado en tamaño e servizos, pechan o Hospital Xeral, o Cíes, o Rebullón e os Centros de Especialidades de Coia e Doblada, mantendo o concerto con Povisa.

Como consecuencia teremos menos sanidade pública e máis negocio para a sanidade privada. Farán negocio con todo incluído un novo copago, o aparcadoiro de pago para usuarios e traballadores, sen teren articulado un sistema de transporte público, en condicións de equidade, que sexa unha alternativa real ao uso do vehículo privado.

Coa privatización e recorte de camas, desaparecen e precarizan moitos postos de traballo, e como consecuencia darase un peor servizo á cidadanía.

Máis de mil veciñas e veciños de Moaña optaron por abandonar o servizo sanitario do hospital privado Povisa escollendo a rede de sanidade pública. Para teren acceso á atención sanitaria escollida, estas persoas deben contar cun servizo de transporte axeitado desde Moaña cara ao novo hospital de Vigo.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

- 1. Demandar da Xunta de Galiza a posta en marcha dun hospital 100% público, para o conxunto da cidadanía da Área Sanitaria de Vigo, con todos os servizos, incluído o laboratorio central, e coa capacidade e recursos materiais e humanos suficientes para dar resposta ás necesidades presentes e futuras da nosa área sanitaria.**
- 2. Demandar das autoridades competentes no transporte, a adopción de medidas que permitan establecer unha rede de transporte público específico para o acceso aos hospitais da nosa área sanitaria, especialmente ao novo hospital. Nomeadamente debe garantirse un sistema de lanzadeira cara ao novo hospital desde a estación marítima de Vigo e un autobús de liña directa desde Moaña ao novo hospital.**
- 3. Apoiar, como Corporación municipal, a manifestación convocada pola Xunta de Persoal do SERGAS e co apoio de SOS Sanidade Pública que se celebrará o día 3 de setembro, data na que pechará o Hospital Xeral, ás 8 da tarde desde diante das urxencias do H. Xeral, na rúa Pizarro en Vigo.**

Así mesmo manifesta compromiso da defensa da sanidade pública universal e gratuíta, opoñéndose a que sexa para beneficio empresarial, como o novo hospital de Vigo, fai co aparcadoiro incluso para os propios traballadores, non habendo transporte público, sendo necesario o uso do vehículo propio e pagar polo aparcamento, sendo a empresa que fixo o proxecto a beneficiaria. Tamén hai menos camas das proxectadas, xa que con iso mídense os medios do hospital, pero polo contrario cerran 3 hospitais públicos e mantense o contrato con Povisa, convocando SOS Sanidade Pública e Xunta de Persoal do Sergas para debater esta moción.

Sr. Carro Piñeiro vota a favor da moción e espera que sirva de exemplo para que non ocorra o mesmo no Centro Deportivo O Beque e pase a xestionalo o Concello, creando emprego digno.

A plataforma SOS Sanidade Pública, que está presente no salón de actos, apoia a moción, declaran 4 anos perdidos nos temas do novo centro de saúde, local de fisioterapia. Invita a abordalos. Estando obrigados a ir a Povisa agora xa se pode escoller hospital público, pero 3000 persoas do Morrazo está afectadas polo tema de transporte e aparcamento, esperando que se resolva no futuro. Tamén manifestan que o concerto de Povisa faise público despois das eleccións municipais, que o están estudando e darán conta del. O tema do transporte ao novo hospital non se lle dá saída por motivos políticos e intereses empresariais. Sendo evocados a catro transbordos. A plataforma presentou escrito na Dirección Xeral de Mobilidade e cos directivos de Vitrasa, os cales se declaran incompetentes para resolvelo, polo que quere o compromiso da Corporación para atallar este problema en agosto.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación, acordan:

1.- Demandar da Xunta de Galiza a posta en marcha dun hospital 100% público, para o conxunto da cidadanía da Área Sanitaria de Vigo, con todos os servizos, incluído o laboratorio central, e coa capacidade e recursos materiais e humanos suficientes para dar resposta ás necesidades presentes e futuras da nosa área sanitaria.

2.- Demandar das autoridades competentes no transporte, a adopción de medidas que permitan establecer unha rede de transporte público específico para o acceso aos hospitais da nosa área sanitaria, especialmente ao novo hospital. Nomeadamente, debe garantirse un sistema de lanzadeira cara ao novo hospital desde a estación marítima de Vigo e un autobús de liña directa desde Moaña ao novo hospital.

3.- Apoiar, como Corporación municipal, a manifestación convocada pola Xunta de Persoal do SERGAS e co apoio de SOS Sanidade Pública, que se celebrará o día 3 de setembro, data na que pechará o Hospital Xeral, ás 8 da tarde desde diante das urxencias do H. Xeral, na rúa Pizarro en Vigo.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA DOTAR Á PARROQUIA DE DOMAIO DUNHA PISTA DE SKATE.

A Conselleira Raquel Carro dá lectura da moción

“ MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP-POPULARES DE MOAÑA PARA DOTAR A PARROQUIA DE DOMAIO DUNHA PISTA DE SKATE

Desde este Grupo Municipal, queremos facernos eco das demandas recibidas nos últimos meses, por diversos colectivos de Domaio, solicitando na Parroquia a construción dunha “Pista de Skate” para o lecer dos xóvenes de Domaio.

É coñecido que os practicantes deste deporte, teñen que achegarse ao centro urbano de Moaña, concretamente no paseo do Con para acceder a instalacións dese tipo ou nalgúns casos acudir a pobos ou cidades veciñas.

E polo cal, o GRUPO MUNICIPAL DO PP – POPULARES DE MOAÑA, propón o Pleno da Corporación tomar os seguintes **ACORDOS**:

1.- O PLENO DA CORPORACIÓN DE MOAÑA, entende a necesidade de construír unha pista de “Skate” na Parroquia de Domaio.

2.- Que desde a Comisión de Urbanismo en colaboración coa Comisión de Xuventude de Deportes, se invite as Asociacións Veciñais e outros colectivos da parroquia de Domaio, para o estudo dunha ubicación para a construción da devandita pista de Skate.

3.- Que por parte do Goberno Municipal, no vindeiro Orzamento para o ano 2016, se dote de partida suficiente para a creación dunha “Pista de Skate en Domaio”

O Sr. Javier Carro di que non entende como leva sen facerse estando solicitado tantos meses, propón que Moaña teña pistas de Skate diferentes e non iguais para crear ocio, turismo e posto de traballos, debendo o Concello solicitar da Xunta de Montes, terreos para tres pistas diferentes, mixtas MX e Montambike, que a oposición que lidera é construtiva, honesta e sincera e o PP se segue nesta dirección vai ir mal. Os orzamentos deben ser reais en investimentos e necesidades do pobo que incluír isto nos orzamentos cando eles non fixeron ningún en catro anos e débese ter en conta todas as parroquias.

Sra. Marta Freire comparte a necesidade da pista de Skate pero non entende que o PP se

cinga só a Domaio e non as necesidades de toda a xuventude de Moaña. Opina igual que o sr. Carro de non comprometer o orzamento de 2016 ata informe preventivo da Intervención para ver se é viable.

O Sr. Odilo alégrase da presentación desta moción do PP, xa que son responsables de que en catro anos do goberno non atenderon a mocidade e agora si o fan. O orzamento do 2016 farase, cousa que non fixeron o PP en 4 anos, paso importante que o BNG si van facelo. Estudaran con todas as organizacións do concello a construción da pista, non admitindo que no punto 3 pretendan facer eles o orzamento priorizando as súas propostas de partidas de gastos e modificando este punto con dotación presupostaria.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación por nove votos en contra, os do BNG e PSOE, unha abstención, a do XM, e sete a favor, os do PP, acordan denegar a proposta do grupo municipal do PP para dotar a parroquia de Domaio dunha pista de Skate

10º.- MOCIÓN DO DO GRUPO MUNICIPAL PP SOLICITANDO A REPROBACIÓN Á CONCELLEIRA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DÑA. CORAL RÍOS.

Dá lectura da moción o Sr. Gallego.

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP – POPULARES DE MOAÑA

O pasado martes día 21, celebrouse no Salón de Plenos do Concello a xuntanza ordinaria de Comisión de Urbanismo, Medio Ambiente e Promoción Económica.

Durante esta sesión, e cando foi o turno de informar e dar conta da Conselleira de Promoción Económica, Dona Coral Ríos, asistimos con estupor a como a devandita Concelleira se referiu a un dos colectivos económico-comercial que desenrola o seu traballo na Praza de Abastos.

Desde este Grupo, entendemos que calquer colectivo, ben sexa veciñal, deportivo, social ou comercial da nosa vila, debe ter sempre por enriba de todo o maior dos respetos de tódolos integrantes da Corporación Municipal, i en maior medida, daqueles que ostentan as labores do Goberno Municipal.

De ningún xeito, nos parece apropiado os termos en que a Sra. Ríos se referiu a este colectivo, xa que tales termos nos parecen despectivos, incluso insultantes e fora de lugar. Aínda pensando, que estes comentarios poideran facerse por falta de madurez política, non son de recibo nunha persoa que representa o Concello de Moaña e que ten asignada unha Delegación da Alcaldía.

Parecemos tamén, lamentable, a falta de saber estar do Concelleiro-Delegado de Urbanismo e Presidente da devandita Comisión, por non ser quen de atallar estes comentarios, e exisir a sua compañeira do Grupo Municipal do BNG e concelleira de Promoción Económica, unha retificación inmediata.

E polo cal, o GRUPO MUNICIPAL DO PP – POPULARES DE MOAÑA, propón o Pleno da Corporación tomar os seguintes **ACORDOS**:

- 1.- Reprobar as palabras da Concelleira de Promoción Económica, Dona Coral Ríos para o colectivo que desempeña a súa labor comercial vendendo peixe na Praza de Abastos de Moaña.
- 2.- Instar a Dona Coral Ríos a pedir disculpas públicamente e a que no futuro axuste a súa conduta pública, en especial cando actúa como membro da Corporación Municipal ou representa o Concello de Moaña, as normas de cortesía e respecto exisibles a quen ostenta a condición de Conselleira.

O Sr. Javier Carro di que non entende que o falado en comisión se leve ao pleno por

elevar o ton, votando en contra se o dito non se axusta ao mencionado pola concelleira que, iso debe quedar na comisión, tendo en conta que non había público debendo saberse as palabras textuais das que non se ten constancia.

Sra. alcaldesa.- Manifesta que estivo presente na reprodución textual do dito por unha persoal allea á corporación, non sendo declaración da concelleira.

Sr. Odilo Barreiro.- o BNG vota en contra non por ser Coral unha compañeira, senón por ser acusación falsa, xa que ela reproduciu a declaración textual dunha persoa allea ao goberno, manifestando vergoña do dito por esa persoa e non dicindo que están traballando niso como facía antes o PP, xa que neste mes o están facendo moito mellor non encontrando erros no seu traballo. Non entende como non se fixo a queixa na mesma comisión, temendo que se metan rencillas familiares e persoais neste tema.

Sra. Marta Freire non apoia a moción por non axustarse á verdade, xa que só falou o que se dixo na xuntanza e na mesma comisión non se fixo queixa ningunha.

Sr. Gallego di que as comisións son públicas e que se fala non é secreto, e a primeira vez que se leva reprobacións das comisións aos plenos. Esa comisión foi un circo, pensa que se faltou ao respecto a ese colectivo e que a corporación puxo dúas comisións no mesmo día poñendo a última de servizos para que os veciños se aburran na primeira e non asistan á segunda. Á Sra. Coral preguntáronlle -ti que cres para que ela opinara sobre o tema-.

Sr. Javier Carro quere saber as palabras textuais da concelleira, pois pódese pensar que alguén minta e quere transparencia total.

Sr. Odilo, é unha pena que non houbera público para comprobar o que di a alcaldesa, de que non había reproche, pois reproducía a palabra dun terceiro nese sector, o cal non está contrariado, os problemas familiares e persoais débense noutros foros.

Sra. Estela manifesta que Coral dixo que eran unhas “porcas” e ríronse entre elas.

A alcaldesa di que iso non é certo.

O Sr. Javier Carro manifesta que el estaba na comisión e que tomou nota de que Coral dixo que unhas poucas eran porcas, non todas.

O Sr. Juncal Gallego non queren cambiar o que aconteceu, alargando a comisión para que os veciños non asintan, o reparo ten que vir do presidente da comisión.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación por dez votos en contra, os do BNG, PSOE, e XM, e sete a favor, os do PP, acordan rexeitar a reprobación da concelleira Dña. Coral Ríos

11º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL XM SOBRE A ADAPTACIÓN DOS PARQUES INFANTÍS.

O Sr. Javier Carro dá lectura da moción.

“ O portavoz de Coalición Independente Moaña, Javier Carro Piñeiro, en representación do Grupo Político Coalición Independente Moaña no Concello de Moaña presenta para a súa discusión e aprobación, se procede, a MOCIÓN relativa a ADAPTACIÓN DE PARQUES INFANTIS sobre a base do seguinte texto:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O artigo 7 da declaración dos Dereitos do Neno afirma que “o neno debe gozar plenamente de

xogos e recreacións, os cales deben de estar orientados cara aos fins perseguidos pola educación a sociedade e as autoridades públicas esforzaranse por promover o gozo deste dereito”.

Os nenos con minusvalía son moitas veces os grandes esquecidos ao non ter voz propia como colectivo. Débense fomentar os valores sociais nos que queremos formar aos nosos nenos e promover a participación activa dos municipios e as empresas en proxectos cun claro e directo beneficio social. A reivindicación da accesibilidade nos parques infantís, permite concienciar a sociedade aos xestores públicos sobre a necesidade da accesibilidade universal e o deseño para todos a través dunha proposta amplamente apoiada pola sociedade.

Na Coalición Independente por Moaña entendemos que estes espazos deberían ser do uso e disfrute de toda a poboación infantil. Con ese obxectivo, aspiramos a que os espazos recreativos e bambáns sexan accesibles para todos, incluíndo os nenos/as con distintos tipos de minusvalía, por iso cremos de obrigado cumprimento que os espazos infantís teñen a obrigación de reunir condición de accesibilidade e adaptarse a nova normativa comunitaria vixente en materia de parques infantís (UNE-EN 1177 e 1176).

Pero a accesibilidade de nenos/as con minusvalía ás zonas infantís, non debe de finalizar no mero acceso a instalación sen barreiras arquitectónicas, senón que debería contemplar a presenza de xogos infantís adaptados.

Trátase da eliminación de barreiras arquitectónicas do ámbito e os xogos adaptados para todos os nenos/as con cores rechamantes para que resulte máis doado o seu uso para discapacitados visuais ou nenos/as con necesidade de estimulación, con distintas texturas para os que teñen visibilidade nula, xogos a rentes de chan ou parques con espazos de área máis amplios e sen charzos.

Sirva a xeito de exemplo, a posibilidade de implantar xogos pintados con cores rechamantes para que resulte máis doado o seu uso para discapacitados visuais, bambáns para usuarios de cadeiras de rodas, así como bambáns para dúas persoas para que os nenos/as poidan montar acompañados e sintanse máis seguros, letreiros en linguaxe “Braille” que expliquen os diferentes xogos e un longo etcétera.

Tamén é necesario adaptar os trazados e superficies das áreas infantís, garantindo parques sen chanzos e espazos de área máis amplios para que poida ser gozando polos nenos e nenas, ou familiares que van en cadeira de rodas.

En todo caso, e seguindo as recomendacións dos especialistas médicos na materia, non se trata de deseñar parques ou áreas específicas para nenos discapacitados. Ao contrario, a sugerenza é crear zonas infantís inclusivas, nos parques xa existentes con bambáns e estruturas nas que teña cabida, e sintanse cómodos e integrados toda a poboación infantil.

O obxectivo desexable sería que a maior parte dos parques infantís dun municipio contase con criterios de accesibilidade universal, onde puidesen xogar xuntos todos os nenos, independentemente das súas capacidades.

O Sr. Odido di que o BNG vai apoiar a moción sendo asumible.

Marta Freire di que agradece a moción construtiva e con propostas claras e asumibles facéndoas pouco a pouco, sendo unha prioridade para o Goberno e espera contar co grupo, pois xa ten isto avanzado.

Unha veciña do público fai uso da palabra argumentado que o concello se comprometa con novos espazos para facer un parque infantil en Meira.

A Sra. Marta Freire di que esta petición chegou fai tres semanas e terase en conta e falarase coa Comunidade de Montes para habilitar terreos para tal fin.

O Sr. Javier Carro manifesta que sería un honor asistir á primeira inauguración dun parque adaptado.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación, acordan:

1.- o Concello de Moaña levará a cabo, de forma progresiva, a adaptación dos parques públicos de Moaña, aproveitando tarefas de mantemento e reposición de material danado, para incorporar mobiliario que cumpra coas características de accesibilidade antes citadas.

2.- O Concello de Moaña garantirá a accesibilidade das novas áreas cando se proxecte a ampliación dalgún parque público xa existente.

3.- O concello de Moaña garantirá que os parques infantís de nova creación reúnan parámetros de accesibilidade na totalidade das áreas e contén con bambáns e zonas de xogo adaptadas.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.-Santome Gestido pregunta pola partidas para a liga ACT.

A alcaldesa di que non presentaron facturas de momento, cando as pasen por rexistro, seguirán o proceso habitual. A liga ACT estase avanzado no patrocinio por parte do Concello.

2.- A presidenta da AAVV O Porto de Domaio, presente no salón, manifesta que non puido asistir á xuntanza convocada polo Concello, pero que si teñen socios, actividades e estatutos. Están legais.

O concelleiro Ezequiel di que convocou a toda a asociación e comprometése a falar con esta asociación para comunicarlle o falado na xuntanza na que non asistiron.

3.- O Sr. Juncal Gallego comenta que fai dez días na praia da Xunqueira fun testemuña do que poderíamos chamar “o negro desenlace dun feito xa anunciado”.

A partir de agora téñolle que falar en castelán e galego porque a protagonista desta historia falaba un perfecto e fino castelán, polo que puiden deducir que posiblemente é o que vostedes os do BNG cualifican “extranjera”.

De todos os xeitos, despois de vela saír nalgún medio de comunicación español, xa temos claro que vostede fala e entende a lingua nai.

E isto aconteceu así:

Unha muller tiña agarrado da man a un neno pequeno duns tres anos aproximadamente e dirixíase cara aos baños públicos que están instalados na praia da Xunqueira.

Ao ir achegándose a esas instalacións (os baños), a muller empezou a cambiarlle o semblante e moi indignada preguntou a un home de idade que alí estaba:

- ¿Pero quién puso estos servicios aquí? Menuda peste, esto no se puede utilizar

El Hombre le contestó:

- Fue la Alcaldesa nueva que tenemos en Moaña.

Y esta señora con su perfecto castellano dijo:

- ¿Y ella viene a “cagar” aquí? Porque esto es insano. Prefiero que mi nieto haga sus cosas en las dunas y pagar la multa que meterlo ahí dentro. Menuda vergüenza!

- Que respetemos las dunas y plantan esto al lado, increíble.

A muller collei o seu neto da man e foise cara á praia, onde o neno seguramente puido aliviarse, a verdade é que non o sei...

¿Parécelle digno que os veciños e as veciñas de Moaña e a xente que visita as nosas praias se miren obrigados a usar os baños públicos que se instalaron nas praias do noso Concello?

¿Vostede visitou o entorno das nosas praias para comprobar o cheiro insoportable que desprenden estes servizos, e que os veciños teñen que aguantar cada día?

Así coma foi a facer a titiritada da “bandeira negra do Con” invitámola a que se achegue novamente a esta praia e respire o aire fresco do mar se pode.

¿cales son as actuacións que pensa adoptar para paliar esta vergoñosa situación?

A alcaldesa.- A limpeza deses baños está contratada diariamente.

O Sr. Odilo di que o presuposto de colocación de baños foi solicitado pola antiga concelleira de Medio Ambiente, aceptando a oferta máis económica con limpeza diaria e non de dous días como pedía o antigo goberno. Teñen previsto colocar tamén baños con mobilidade reducida.

Sr. Juncal Gallego di quen contrata é este goberno, non o anterior, que solucionen o problema.

4.-Sr. Juncal Gallego di que Moaña ten o dubidoso privilexio de ser o concello de Pontevedra que mais gasta en persoal.

O 56,7% do gasto do noso concello vai para pagar nóminas.

- E hoxe temos diante de nós as tres dedicacións exclusivas que o goberno municipal xe adxudicou, que nos van custar a todos máis de 500.000 Euros, porque tal e como non se cansan de afirmar o seu salario “vai acorde coa responsabilidade do posto ”

Creo que a estas alturas teñen que ser vostedes xa conscientes de que o Concello de Moaña está nunha situación económica gravísima dende o ano 2009, algo que lle temos que agradecer a Millán e aos seus socios de goberno.

O que a min me gustaría saber como veciño e concelleiro de Moaña, ¿cómo vai facer vostede para sacar 500.000 euros das arcas do Concello para pagar estas tres dedicacións exclusivas?

A alcaldesa.- o PP dicía que reduciría a débeda do Concello en 10.000.000 euros e deben ser coherente e os salarios da dedicación exclusiva son de 35.800 euros ao ano bruto. Tendo sobre ela unha multa por incumprimento xudicial do goberno anterior, estando a disposición do concello as 24 hora do día. Tráballo que debe ser pagado.

O Sr. Juncal Gallego repite como se vai pagar estas dedicacións exclusivas.

Alcaldesa. Segundo informe da Intervención, hai partida suficiente sen arriscar o Concello e veñen a xestionar con responsabilidade, reducindo os custos e licitación de concursos que se incumprían anteriormente.

Sr. Juncal Gallego di que aínda que haxa partida igual non hai cartos.

Alcaldesa. A tesoureira garante o pago. Xa é hora de que acheguen valor a este Concello.

5.- Sr Javier Carro.- desexa que as comunicacións sexan rápidas, xa que comunicáronme que compartía local co PP despois de que xa saíra en prensa.

A alcaldesa pide desculpas, que son aceptadas.

6.- A Sra. Raque Carro pregunta polo Plan de melloras nos colexios, antes de que comece o curso escolar.

Alcaldesa.- Os sobrantes das obras rematadas usaranse nas reparacións dos colexios, como pode ser a reparación da cociña de Reibón, mantemento, pintado, e Plan específico para mellorar todos os centros.

A Sra. Marta Freire agradece o interese polos centros educativos, a obras maiores faranse con cargo á Deputación e as menores con persoal do concello. Iniciaranse en agosto as pequenas e as maiores nas datas que non afecten ao curso escolar, coordinando todo cos directores dos centros.

7.- O concelleiro Sr. Antonio Sánchez defendeu a integridade dos veciños, seguridade nas praias, pregunta - que pensan facer cos socorristas-.

A alcaldesa respóndelle que se contrataron 3 socorristas que comezan a traballar o sábado día 1 de agosto. Priorizando a praia do Con por ter adaptación ás persoas con mobilidade reducida.

E non tendo outros asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa acorda rematar a sesión ás 23:34 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sra. alcaldesa-presidenta, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº e praxe
A alcaldesa

O secretario

Asdo.: Leticia Santos Paz

Asdo.: Manuel Eugenio Costa Diz